



FERVENZAS DO TEA-COVELO

Adela Leiro, Mon Daporta





Unha ruta que percorre o curso do Tea e varios afluentes na área protexida como LIC, no concello de Covelo, para coñecer fermosos tramos do río e algunhas fervezas.

Distancia: Covelo-Prado: 12 km

Covelo-Lourido: 5 km

Dificultade: os tramos a pé difíciles

Duración: 3 horas



3- Rego Ponte Pardellas

Nunha das nascentes do Tea que baixa do serra do Faro de Avión, preto de Prado (O Covelo).

COMO CHEGAR: desde a estrada de Ponte Maceira a Prado cóllese o desvío de Loureiro. A ferveza atópase preto da estrada onde se cruza o río.



O Tea en Lourido



Rego de Ponte Pardellas

1-Regueiro de Coveliño

Na parroquia de Santiago de Covelo.

O Regueiro de Coveliño é un afluente do Tea que forma un pequeno salto duns 5 metros xusto debaixo da estrada. Arredor hai un bosque de ribeira con salgueiros e freixos no que se atopan varios muíños.

COMO CHEGAR: saíndo de O Covelo, en dirección a Vigo e Mondariz, pásase o río e xusto no arranque do desvío a Mondariz sae á dereita unha estradiña que leva á parte baixa da ruta, a carón duns muíños. Remontando o río 100 m chégase ao salto.

2-Regato de Ponte Piñeiro

Na parroquia de Santiago de Covelo. O rego Ponte Piñeiro é un afluente do Tea que forma unha ferverza de máis de 25 m. que se ve na marxe dereita da estrada.

COMO CHEGAR: saíndo de O Covelo en dirección a Maceira atopamos a ferverza á dereita da estrada en canto se cruza o río.

3-Maceiras

Na parroquia de Maceiras.

O río Tea, ao seu paso por Maceiras forma un estreito canón en rochas graníticas con pequenas ferverzas e rápidos

COMO CHEGAR: en Maceiras, na zona da área recreativa e detrás da minicentral. Pódense ver desde debaixo da ponte da estrada pero é moi complicado seguir o río por ir encaixado entre rochas.



Regueiro de Coveliño



Rego de Ponte Piñeiro

5-Lourido-Casteláns

Na parroquia de Casteláns.

O Tea en pouco máis dun quilómetro, entre Lourido e Vilanova, ten un desnivel de case 200 metros, nun canón no que forma unha sucesión fervenzas de varios metros e pozas e pías na pedra de gran. No contorno hai boas carballeiras.

COMO CHEGAR: desde O Covelo cóllese a estrada que vai a Barciademera e despois de pasar Lourido, antes de cruzar o río Tea atópase a esquerda da estrada un cartaz que anuncia a fonte do baño. Déixase o coche nesa zona, báixase á fonte e, desde alí, con moito coidado, seguir o curso do río. Hai varios saltos río arriba e río abaixo. No verán é máis doado achegarse, pero levan menos auga.

Máis abaixo, na zona chamada “**As Caldas**”, hai outras fervenzas no lugar onde está construída a minicentral. Son case imposibles de ver, xa que a única maneira de facelo é seguir a canalización da auga. Para achegarnos ata alí baixamos por unha pista desde O Redondo (en dirección a Barcia de Mera) que sae en fronte do campo de fútbol; tomamos un cruce á esquerda e chegamos un cruce de tres pistas e seguimos cara ao río pola do medio.

